

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Persoal e Organización

*Nomeamento de persoal laboral fixo dunha (1) praza de profesor de percusión grupo I-a, e aprobación da listaxe de reserva para posibles nomeamentos do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal*

##### ANUNCIO:

**Nomeamento de persoal laboral fixo dunha (1) praza de profesor de percusión, grupo I-a, e aprobación da listaxe de reserva para posibles nomeamentos do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal.**

Por resolución núm. 1219 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior do 4 de xullo de 2024 resolveuse o seguinte que en extracto di:

**“Primeiro.-** Nomear a don Miguel Paz Vila con DNI núm. \*\*\*1755\*\* persoal laboral fixo do Concello de Culleredo na escala de administración especial, subescala técnica, denominación: profesor percusión, Grupo I-a (código RPT CE.4.1.11).

O gasto de salario base, complemento de destino e complemento específico farase con cargo á partida 3241.13000 e a seguridade social con cargo á partida 3241.16000.

**Segundo.-** Aprobar a listaxe de reserva para posibles nomeamentos como persoal laboral da praza de profesor/a de percusión, grupo I-a de acordo co seguinte detalle:

Nº de orde	DNI	Apelidos e nome	Experiencia	Formación	TOTAL
1	***5664**	Diego Calviño, María Isabel	21,120	10,000	31,120
2	***1979**	Rodríguez Outeda, Juan Antonio	0,940	8,700	9,64

A lista resultante do proceso selectivo permanecerá en vigor ata a aprobación dunha nova bolsa resultante dunha convocatoria posterior, e deixará sen vixencia as listas derivadas de procesos anteriores. No caso de que unha lista xerada para un proceso selectivo se esgotase, quedará activada automaticamente a última que estivese vixente con anterioridade (base 11.3 das específicas).

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

O que se publica aos efectos do estipulado na base 8.1 das xerais.

Culleredo, 8 de xullo de 2024

A concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)